



## Acta da Xunta de Escola ordinaria do 19 de decembro de 2013

### Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 19/12/2013.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 19/12/2013.
- III. Escrito recibido da Asesoría Xurídica sobre o “Procedemento para o desenvolvemento das prácticas académicas na E.T.S.E. de Minas”.
- IV. Proposta de modificación da asignación de aulas para as convocatorias de exames de maio e xullo de 2014.
- V. Proposta de modificación da asignación de aulas para materias do 2º cuatrimestre.
- VI. Solicitudes de informe de avaliación docente presentadas.
- VII. Texto presentado pola Delegación de Alumnos saínte.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 5 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S. de Enxeñaría de Minas, presidida polo Director, Don José Benito Vázquez Dorrió, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

### **1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 31 de outubro de 2013.**

A Xunta de Escola aproba por asentimento a acta da sesión ordinaria da Xunta de Escola celebrada o 31 de outubro de 2013.

Unha vez aprobada será posta na nova sección de DESCARGAS ACTAS E GASTOS de acceso libre da web do centro.

### **2. Informe do Director.**

O director informa sobre os seguintes temas:

- Do 11 ao 15 de Novembro celebrouse a Semana da Ciencia 2013 no centro. Unha actividade de difusión da oferta formativa e investigadora do centro que trouxo a máis dun milleiro de visitantes de 28 centros de ensino preuniversitario de Galicia e que entendemos é necesaria tanto para o alumnado (presente, pasado e futuro) como para o profesorado.



A actividade contou coa presenza do Reitor na súa inauguración e co apoio, o cal agradecemos, da FECYT do Ministerio de Economía e Competitividade, na súa convocatoria de divulgación científica, diversos servizos da Universidade de Vigo, a Cámara Mineira, o Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste, o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Minas de Galicia e o Instituto Xeolóxico Mineiro. A actividade contou coa traballo, o cal agradecemos, das seguintes persoas:

José Benito Vázquez Dorrío, Natalia Caparrini Marín, David Patiño Vilas, Carmen Pérez Pérez, Marta Cabeza Simó, Enrique Granada Álvarez, María Araújo Fernández, Ángeles Saavedra González, Fernando Cerdeira Pérez, Javier Taboada Castro, Julia Armesto González, Pedro Arias Sánchez, Araceli Regueiro Pereira, Fco. Javier Tamajón Álvarez, Susana Lagüela López, Lucía Díaz Vilariño, David Roca Bernárdez, Carla Iglesias Comesaña, María Veiga Ríos, Raquel Mosquera Pérez, Javier Silveira Loureiro, Jaime García Iglesias, Alexandre Casal Echevarría, Samuel Alonso Rodríguez, Álvaro Rodríguez Domínguez, Raquel Alonso Oya, Álvaro Ruibal Vidal, Carlos Chica Rincón, M<sup>a</sup> Carmen Romo Pérez e o persoal de asuntos económicos e bedelería do centro.

- O 13 de novembro o Xerente e o Vicerreitor de Economía e Planificación informou ás Direccións do ámbito tecnolóxico do soporte informático que se vai a prestar ás escolas de enxeñaría do campus de Vigo. Nos días seguintes o técnico informático José Luis Rios Bens ocupou o seu despacho na Área de Dirección da ETSE de Minas, compartindo tarefas co resto dos centros do ámbito tecnolóxico. A Dirección agradece á Universidade a dotación deste persoal que é necesario para o funcionamento do equipamento informático do centro. O Subdirector David Patiño Vilas é o enlace coordinador no centro. A día de hoxe xa levou a cabo diversas actuacións:
  - Colaboración na supervisión dos bolseiros de informática.
  - Posta a punto do servidor, sendo o enlace agora coa empresa subministradora e o SAUM. Realización de probas de carga.
  - Mellora das instalacións físicas das aulas de informática (cableado, hardware...)
  - Mellora dos procedementos de incidencias para su resolución máis rápida.
  - Inventario dos equipos para facilitar a instalación e carga de programas e o mantemento preventivo
- Finalizado xa o prazo de matrícula extraordinaria no curso 2013-2014 o Grao de Enxeñaría de Enerxía ten unha ocupación de primeira matrícula do 110% respecto do ofertado e o Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos ten unha ocupación de primeira matrícula do 98% respecto ao ofertado. No primeiro caso chegamos a ter 58 matriculados, pechouse a matrícula, pero 3 persoas logo cambiaron de carreira. No segundo caso chegamos a ter 53 matriculados pero 4 persoas logo cambiaron de carreira.



- O pasado 3 de decembro tivo lugar unha xuntanza na Consellería de Educación na que o Secretario Xeral de Universidades presentou un borrador aos vicerreitores de titulacións das tres universidades do Sistema Universitario de Galicia un conxunto de posibles liñas de actuación sobre as que se podería traballar ao longo do ano 2014 cara a unha futura reforma do mapa de titulacións para os Graos que non cumpren co mínimo esixido no Decreto 222/2011 ou están multiplicadas no SUG. A información saíu na prensa nos días seguintes e a Dirección foi informada con posterioridade. O Grao de Recursos Enerxéticos e Mineiros aparece nese borrador, xunto con outras 25 propostas, xa que acadou (segundo o mencionado borrador) unha matrícula do 94% respecto ao lexislado. Realmente hai 49 matriculados. No Decreto 222/2011 indicase que o número anual de estudantes de novo ingreso de acordo nunca debe ser para os graos por debaixo de 50, nos campus da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo e logo dí que valorarase as características propias e específicas do título tendo en conta, especialmente, o carácter esencial e singular da titulación. A Dirección está a espera de recibir unha xustificación documentada e razoada da presentación PowerPoint enviada.
- Pequenas modificacións aos informes de seguimento provisionais dos grados tras a revisión técnica por parte da Área de Calidade da UVigo foron aprobados por a Comisión de Calidade do centro e reenviados á Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade.
- A Dirección manifestou o interese en participar no proceso de certificación da implantación do noso SGIC na recente convocatoria piloto da ACSUG. A Universidade de Vigo pode en principio participar con catro centros. A certificación suporía un importante avance na futura acreditación dos títulos do centro. A Secretaria do centro Natalia Caparrini Marín, Coordinadora de Calidade, coordinará de selo caso esa participación.
- Os novos apartados de calidade da web xa están visibles tamén en galego e inglés:  
<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=429,476,0,0,1,0>  
<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=447,0,0,1,0,0>
- A Dirección recibiu a información do Contrato Programa do centro directamente relacionado co seu presuposto. Este ano o Reitorado este ano rebaixou os obxectivos para todas as escolas e facultades en investigación e transferencia, dado que a crise está recortando as posibilidades de captación de fondos. No noso caso os resultados obtidos, melloran o financiamento verbo do modelo de 2012 e supoñen un aumento respecto ao ano 2013 de incremento nos créditos de 3729,9 €

2013

TOTAL	56.716,74 €
EQUIVALENCIA 2012	53.774,00 €
AUMENTO 2013	5,47%



2014

TOTAL	60.446,64 €
EQUIVALENCIA 2012	53.774,00 €
AUMENTO 2014	12,41%

- A Delegación de Alumnos da E.T.S.E. de Minas clausurou o 29 de novembro o “Mes cultural Santa Bárbara 2013”, durante o que se desenvolveron, entre outras, as seguintes actividades: Ciclo de Cine “Un percorrido de cine pola minería”; Carreira popular Santa Bárbara 2013; Encontros deportivos entre membros da comunidade do centro, etc... A Dirección agradece as tarefas realizadas.
- No Consello de Goberno do 29 de Outubro aprobáronse os informes favorables para a tramitación das modificacións dos dous graos do centro e a nova proposta de Máster en Enxeñaría de Minas. Propostas refrendadas no Consello Social da UVigo o 8 de Novembro.
- O Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste de España, organizou na ETSE de Minas, do 25 ao 28 de novembro de 2013, un Curso Avanzado de Certificador de Eficiencia Enerxética de vivendas existentes. Un nicho de traballo para os profesionais vinculados ao centro.
- A modo de proba, instaláronse láminas de protección solar exterior na Aula 103 para estudar as posibilidades de que no ano próximo sexan colocadas no resto do aulario co obxectivo de mellorar a súa climatización.
- No claustro do 13 de Decembro foron elixidos os estudantes do centro Iván Veleiro Pinal e Javier Puga Alonso como membros, respectivamente, do Consello de Goberno e Tribunal de Garantías na Universidade Vigo. A Dirección congratúlase e felicita a ambos. Por outra banda, presentáronse á exposición pública os Regulamentos de Estudantes e o de Avaliación e Cualificación da Aprendizaxe do Alumnado, dando ata o 14 de febreiro de prazo para realizar alegacións a través dos membros claustrais. Cada alegación, deberá ser avalada por 10 claustrais. En estes días, enviarán toda a documentación aos centros.
- O 4 de Decembro a Escola participou nos actos conmemorativos de Santa Bárbara en Santiago de Compostela, sendo representada polo profesor Don Javier Taboada Castro.
- De acordo coa Unidade de Xardinería e Zoas Verdes planificouse para este inverno a mellora das zonas verdes circundantes e inmediatas ao centro, ademais de, a medio prazo, proporcionar sombra ás zonas con orientación suroeste do edificio para reducir temperatura e insolación.



- A Dirección reuniuse co Decano-Presidente e o Vicepresidente do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Minas de Galicia para presentar pola nosa parte a ese colectivo a oferta formativa de grao e Máster, xunto coa oferta investigadora da escola, e establecer relacións de interese para ambos.
- O Tribunal do Premio Extraordinario Fin de Carreira na Titulación de Enxeñaría de Minas, correspondente ao curso académico 2012-2013, propuxo á alumna Tania González Martíns, de acordo coa información aportada pola Área Académica.
- O 18 de Decembro a Dirección reuniuse coa Dirección da EEI en resposta ao escrito do 10 de setembro sobre a Comisión de Seguimento Conxunta para o Grao de Enxeñaría da Enerxía pola Universidade de Vigo. A actual Dirección da EEI non considera necesaria agora a creación da mencionada comisión.
- Prégase ao profesorado interesado que envíe a oferta de TFG para a nosa Escola ao Subdirector David Patiño Vilas para que poida ser difundida na web do centro.
- Prégase de novo ao profesorado, se non o ten feito xa, envíe ao Negociado de Asuntos Xerais a información necesaria para completar a nova sección co cadro de persoal docente na web. Entre outras, é importante o envío das titorías de atención ao alumnado que, ademais de estar visibles nos despachos correspondentes, convén tamén que sexan accesibles desde a web.

### **3. Aprobación, se procede, da modificación do “Procedemento para o desenvolvemento das prácticas académicas extracurriculares na Enxeñaría de Minas”.**

Consultada a Asesoría Xurídica sobre o texto aprobado na anterior Xunta de Escola, esta sinala que se fai referencia ao RD 1707/2011 anulado por o Tribunal Superior de Xustiza por defectos de forma, e propón retirar a referencia ao RD 1707/2011 á espera da publicación da norma que se dite en substitución da anulada.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, retirar dita referencia no procedemento indicado.

Achégase como anexo III a esta acta o escrito recibido da Asesoría Xurídica.

### **4. Aprobación, se procede, de modificación da asignación de aulas para as convocatorias de exames de maio e xullo de 2014.**

Os problemas de espazo e as ampliacións/modificacións de matrícula recomentan a modificación puntual da asignación de aulas para as convocatorias de exames de maio e xullo de 2014 para a titulación de Enxeñaría de Minas, que foi aprobada no seu día pola Xunta de Escola.

A proposta foi enviada por correo electrónico con anterioridade á celebración desta Xunta de Escola.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a proposta presentada, que será subida á web do centro, e se achega como anexo IV a esta acta.



## 5. Aprobación, se procede, da modificación da asignación de aulas para materias do 2º cuadrimestre.

Os problemas de espazo e as ampliacións/modificacións de matrícula recomentan a modificación puntual da asignación de aulas para materias do 2º cuadrimestre de 4º curso do Grao en Enxeñaría da Enerxía (Tecnoloxía Específica de Eficiencia Enerxética) e do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, e tamén para materias do 5º curso de Enxeñaría de Minas (Intensificación Ambiental e Mineira).

A proposta foi enviada por correo electrónico previamente.

A Xunta de Escola aproba por asentimento dita proposta, que será subida á web do centro, e se achega como anexo V a esta acta.

## 6. Aprobación, se procede, de informes sobre a actividade docente para o recoñecemento de quinquenios de docencia.

Na Comisión Permanente do pasado 13 de Decembro aprobouse favorablemente dos informar favorablemente sobre a actividade docente para o recoñecemento de quinquenios de docencia dos profesores que se relacionan a continuación:

NOMBRE	ÁREA	DEPARTAMENTO	PERÍODO
Dona María Araújo Fernández	Explotación de minas	Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente	01-10-2004 ao 26-06-2013
Don Antonio Barreiro Blas	Enxeñaría de sistemas e automática	Enxeñaría de Sistemas e Automática	2009 ao 2013
Don Rafael Barrionuevo Giménez	Tecnoloxía do medio ambiente	Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente	2008 ao 2013
Dona M <sup>a</sup> de los Ángeles Cancela Carral	Enxeñaría química	Enxeñaría Química	2008 ao 2013
Don Pablo Eguía Oller	Máquinas e motores térmicos	Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos	2005 ao 2013
Dona Itziar Goicoechea Castaño	Proxectos na enxeñaría	Deseño na Enxeñaría	2008 ao 2013
Don Enrique Granada Álvarez	Máquinas e motores térmicos	Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos	2008 ao 2013
Dona Milagros Izquierdo Pazó	Enxeñaría química	Enxeñaría Química	01-02-2008 ao 31-01-2013
Don Jorge Marcos Acevedo	Tecnoloxía electrónica	Tecnoloxía Electrónica	15-01-2008 ao 14-01-2013
Don Manuel Martínez Piñeiro	Física aplicada	Física Aplicada	17-06-2008 ao 31-12-2013
Don David Patiño Vilas	Máquinas e motores térmicos	Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos	2008 ao 2013
Dona Teresa Rivas Brea	Explotación de minas	Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente	23-03-2008 ao 22-03-2013
Don Javier Taboada Castro	Explotación de minas	Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente	01-10-2008 ao 30-09-2013



A Xunta de Escola acorda, por asentimento, informar favorablemente sobre a mencionada actividade docente.

Achégase, como anexo VI a esta acta, as solicitudes presentadas.

**7. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S. de Enxeñaría de Minas.**

Non se presenta ningunha documentación referida a este punto, polo que se pasa ao seguinte punto da orde do día.

**8. Rogos e preguntas.**

Como queira que moito do alumnado representante na Xunta de Escola ata o de agora, non continúa nesa tarefa, o alumno Don Javier Puga Alonso procede á lectura do texto que se achega como anexo VII a esta acta. A Dirección agradece o traballo e colaboración levada a cabo polos representantes do alumnado nos órganos colexiados do centro.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 30 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a dezanove de decembro de dous mil trece.

Vº e Prace

O Presidente

A Secretaria

José Benito Vázquez Dorrió

Natalia Caparrini Marín



## ANEXO I

### Convocatoria de Xunta de Escola do 19/12/2013





## **ANEXO II**

**Asistentes á Xunta de Escola do 19/12/2013**



## Asistentes Xunta de Escola ordinaria 19/12/2013

PROFESORES	
1.	Presidente: José Benito Vázquez Dorrió
2.	Secretaria: Natalia Caparrini Marín
3.	Araújo Fernández, María
4.	Barrionuevo Giménez, Rafael
5.	Cabeza Simó, Marta
6.	Carrillo González, Camilo José
7.	Eguía Oller, Pablo
8.	García Bastante, Fernando
9.	González Rodríguez, Elena
10.	Lanaja del Busto, José María
11.	Mandado Vázquez, Alfonso M.
12.	Morán González, Jorge
13.	Patño Vilas, David
14.	Pérez Pérez, Carmen
15.	Rivas Brea, Teresa
16.	Taboada Castro, Javier
17.	Vijande López, Javier
ALUMNOS	
1.	Carrillo Pérez, Rosalía
2.	Faro Malvar, Diego
3.	Fernández Rodríguez, David
4.	García Iglesias, Jaime
5.	Gómez Pérez, Gema
6.	González Bello, Marcos
7.	Juncal Rosales, Mariola
8.	Oliveira Aboy, Diego Antonio
9.	Puga Alonso, Javier
10.	Vidal Fontenla, Alejandro
P.A.S.	
1.	Romo Pérez, Mª del Carmen

<b>Total membros Xunta de Escola :</b>	<b>49</b>
<b>Asistentes</b>	<b>28</b>

Excusan a súa asistencia:

- Dona Elena Alonso Prieto
- Don Lino José Álvarez Vázquez
- Dona Gloria Pena Uris
- Dona Ángeles Saavedra González



### ANEXO III

**Escrito recibido da Asesoría Xurídica sobre o “Procedemento para o desenvolvemento das prácticas académicas na E.T.S.E. de Minas”**



## **ANEXO IV**

### **Proposta de modificación da asignación de aulas para as convocatorias de exames de maio e xullo de 2014.**



## ANEXO V

### **Proposta de modificación da asignación de aulas para materias de 2º cuadrimestre.**



## **ANEXO VI**

**Solicitudes de informes de actividade docente presentadas.**



## **ANEXO VII**

**Texto presentado pola Delegación de Alumnos saínte.**



Estimados membros de Junta de Escola

Hoy es la última Junta de Escola para algunos membros de la Delegación de Alumnos así que esto es una despedida.

Nos sentimos privilegiados de haber asistido como protagonistas a profundos cambios tanto en la propia Delegación como en la Escola. En el primer caso hemos conseguido cohesionar a un grupo de personas para construir un equipo que deja unos cimientos sólidos para que los que vienen puedan seguir trabajando sobre ellos o incluso mejorarlos.

Gracias a eso se potenció la comunicación con todos los estudantes a través de internet mucho antes de que lo hiciese la propia Escola, se convocaron votaciones para consultar su opinión en temas trascendentales (los "MINAS VOTA"), tenemos presencia activa en todos los órganos de representación colegiada de la Universidad de Vigo y actividades como Santa Bárbara y la Carrera Popular están aseguradas para próximas ediciones.

Esas actuaciones también han servido para crear un clima positivo del que se beneficia la Escola a la hora de publicitarse entre los estudantes de bachillerato, los cuales ya no vienen a cursar la titulación de Ingeniería de Minas; ahora cursan el Grado de Ingeniería de los Recursos Mineros y Energéticos y el Grado de Ingeniería de la Energía, en los que los representantes de esta Delegación han participado en su diseño.

Esto último, la entrada de la Escola en el Espacio Europeo de Educación Superior, ha supuesto cambio tan grande que provoca que sea necesario el estar actualizándose curso a curso y compitiendo con otros títulos para lograr que el centro pueda continuar con una identidad propia sin necesidad de hablar de fusiones o esperar que otros nos recorten con la excusa de la crisis.

Mientras somos estudantes vivimos la Escola pero una vez que salimos de ella seguimos necesiéndola. Los egresados necesitan que se muestre fuerte en la Sociedad y eso desde Delegación lo seguimos echando de menos. Ciertos acontecimientos en los últimos meses quisieron poner en duda que la contribución de la Ingeniería de Minas fuese necesaria, y por añadido la de los profesionales y futuros profesionales del sector. Es de vital importancia saber vendernos como los técnicos capacitados para desarrollar una actividad extractiva que respete el medio ambiente y a las personas. Hemos constatado que dentro de la Universidad también se ha intentado poner en duda nuestra contribución sin caer en que una Escola de Minas pertenece a ella. Por eso queremos animar a todos los miembros de la comunidad de la Escola a que participen de forma activa en los órganos de gobierno como nosotros los hemos hecho.

Queremos pedir disculpas por si nuestras actuaciones pudieron no resultar del agrado de algún miembro de la Escola y resaltar que, ante todo, lo hacíamos en la labor de representar lo mejor posible a nuestros compañeros.

Por último tenemos que agradecer a los diferentes equipos directivos de la Escola que hemos podido conocer y con los que hemos podido trabajar por su colaboración, al profesorado y al PAS por el buen trato que nos han dispensado y en particular a Mayka pues su actitud ante el trabajo, creemos que la hace única e imprescindible para que todo esto funcione mejor.

Firmado por:

Javier Puga Alonso, Iván Veleiro Pinal, Gema Gómez Pérez, David Fernández Rodríguez, Uxía Castro Filgueira, Marcos González Bello, Mariola Juncal Rosales y Lucía Sánchez Pereira